

1. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O COLEXIO OFICIAL DE MÉDICOS DA CORUÑA PARA A UTILIZACIÓN DE RECEITAS OFICIAIS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, EN FORMATO PAPEL, POLOS/AS PROFESIONAIS MÉDICOS/AS XUBILADOS/AS, QUE TIVERAN PRESTADO SERVIZOS NA SANIDADE PÚBLICA ASISTENCIAL GALEGA
2. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O COLEXIO OFICIAL DE MÉDICOS DE LUGO PARA A UTILIZACIÓN DE RECEITAS OFICIAIS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, EN FORMATO PAPEL, POLOS/AS PROFESIONAIS MÉDICOS/AS XUBILADOS/AS, QUE TIVERAN PRESTADO SERVIZOS NA SANIDADE PÚBLICA ASISTENCIAL GALEGA
3. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O COLEXIO OFICIAL DE MÉDICOS DE OURENSE PARA A UTILIZACIÓN DE RECEITAS OFICIAIS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, EN FORMATO PAPEL, POLOS/AS PROFESIONAIS MÉDICOS/AS XUBILADOS/AS, QUE TIVERAN PRESTADO SERVIZOS NA SANIDADE PÚBLICA ASISTENCIAL GALEGA
4. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O COLEXIO OFICIAL DE MÉDICOS DE PONTEVEDRA PARA A UTILIZACIÓN DE RECEITAS OFICIAIS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, EN FORMATO PAPEL, POLOS/AS PROFESIONAIS MÉDICOS/AS XUBILADOS/AS, QUE TIVERAN PRESTADO SERVIZOS NA SANIDADE PÚBLICA ASISTENCIAL GALEGA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 16 de setembro de 2022 cos colexios oficiais de médicos da Coruña, de Lugo, de Ourense e de Pontevedra os instrumentos convencionais arriba referidos. Estes convenios teñen unha vixencia de catro anos desde o día seguinte á súa sinatura.
- Que os instrumentos convencionais teñen por obxecto establecer os requisitos e regular o procedemento para o acceso aos talonarios de receitas oficiais do Servizo Galego de Saúde por parte dos/das profesionais médicos/as xubilados/as que prestaron con anterioridade os seus servizos como facultativos/as na sanidade pública asistencial galega, co fin de facilitar o acceso á prestación farmacéutica, exclusivamente, para uso propio, do seu cónxuxe ou parella de feito e dos seus beneficiarios legalmente recoñecidos, polo Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS). Quedan excluídos deste convenio os talonarios específicos para a prescrición de medicamentos estupefacientes.
- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.
- Que os instrumentos convencionais asinados se fundamentan na Instrución 9/2014 do

13/11/2014 sobre o procedemento para a autorización do uso do talonario de receitas oficiais do Servizo Galego de Saúde en formato papel, para a prescrición daqueles produtos farmacéuticos incluídos na prestación do Sistema Nacional de Saúde, no que se prevía autorizar ao persoal facultativo médico en servizo activo para o uso dos talonarios con carácter persoal ou familiar, pero tamén a “médicos xubilados que prestaron con anterioridade os seus servizos como facultativos na sanidade pública asistencial galega, axustándose ás condicións recollidas nos convenios establecidos entre a consellería de sanidade e os respectivos Colexios Oficiais de Médicos de Galicia”.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na “Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se traspone al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014”, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificada a sinatura dos instrumentos convencionais, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

